



XV. CONCURSO DE RELATOS CURTOS

REPSOL - YPF

Segundo Premio en Versión Galega

Título: "ANACOS DOS MEUS RECORDOS"

Autor: ESTEFANÍA BARGADOS ALMUIÑA.

Centro: I.E.S. GREGORIA FERNÁNDEZ.

SARRIA ( LUGO )

AÑO 2.002

## -ANACOS DOS MEUS RECORDOS-

Hoxe, ó dar o paseo matinal co meu fillo de seis anos, fun parar á estación de ferrocarril, ó tempo que pasaba un tren con moitos vagóns de pasaxeiros. Observei a Antón, o meu fillo, que ollaba para o chan seguindo o traxecto dun milpernas; nin se inmutou pola pasada do tren. Nese intre, veúseme á mente a primeira vez que vira esa cabeza de ferro. Xa había ben anos, pois eu debía ter máis ou menos a idade de Antón e agora xa estaba entrando case nos corenta, pero acordábame como se fora onte.

Corría o ano 1940, no mes de outubro; a colleita dese verán fora moi boa e ademais paríranos moitas coellas nese tempo e mamá decidiu ir á feira das mozas a vender o millo e as fabas, e se houbera sorte algún que outro coello.

Na miña casa eramos seis persoas, a miña nai e meu pai, os meus tres irmáns e máis eu. Era a segunda de máis idade, pero agora que non estaba a miña irmá maior, pois estaba servindo nunha casa duns señores alá de Fisterra e só viña polas festas de gardar, eu ocupábame das tarefas da casa; tamén estaban Xurxo e Irimia, os pequerrechos.

O sábado á noite, cando xa rematamos de comer o pisto, miña nai chamou ó meu pai o outro cuarto e díxolle que o seguinte día me levaría con ela a Lugo, pois xa era hora de que soubera que fóra do pobo tamén había vida. Meu

pai refunfuñou polo baixo pero acatou a decisión da miña nai. Hoxe tocábame a min, quizais outro día levaría os meus irmáns, dixo.

En toda a noite non durmín da emoción de ver a gran cidade de Lugo, pois de Madrid ou Barcelona endexamáis ouvira falar. Imaxinábame como podería ser aquilo, a súa xente, as casas... Todo sería novo para min. Tamén degoxaba saber dos outros rapazes, os seus costumes, os seus xogos... ¿Irían a escola? No meu pobo tiñamos unha escola a que non iamos, bo, só de cando en vez, cando non tiñamos que traballar na casa. Alí estabamos todos xuntos, na casa escola, non importaba a idade pois pouco máis aprendíamos que ler e escribir e a maioría das veces nin iso. Na miña casa, ó igual que no resto, era máis importante saber levar o gando, ir coas vacas, segar unha leira ou xunguir uns bois que aprender as “letras”. Dende moi pequenos sabíamos o que faríamos cando chegáramos a mocidade. Uxía, a maior, servindo nunha casa; Xurxo quedaría na casa levando a facenda como herdeiro, e eu e máis Irimia aprenderíamos a coser.

Levábamos á escola unha pizarra cun pizarrín xa que do xiz non ouvíramos falar nunca. Tiñamos un libro o que lle chamabamos “catón ou cartilla” que nos servía para todo, tanto se eran as matemáticas como a historia. Cando aínda estaba Uxía con nós, algunhas veces, se non tiñamos moito que facer na casa, íamos as dúas xuntas, bo máis ben facíamos que íamos por que sempre parábase na leira do señor Pepe da Riba, que tiñá un pequeno alprende, e alí xogabamos toda a mañá. Cando Uxía marchou sentino moito, meus pais

dician que non estivera mal que ela xa era moza e que algún día tería que marchar eu tamén. A min non me aliviaba eso pois deixárame soa e xa non sería o mesmo, ¿quen me faría agora as bonecas cos carozos do millo? Agora que xa pasaron uns anos dende aquela, sei que calquera día, como ben dicía miña nai, marcharei a traballar fora. Quizais marcharía servir, igual que Irimia, a coser de casa en casa, ou quen sabe, ó mellor atopaba un rapaz duna boa casa e arreglabánnos o matrimonio. Non me equivocaba cando dicía que pronto marcharía, pois non pasaron tres anos e xa estaba en Samos traballando de sol a sol para quitar uns reais.

É igual, non podía pensar en cousas tristes, o seguinte día ía ser moi longo e tiña que durmir, non daba, non podía conciliar o sono da emoción; desexaba con todas as miñas forzas que chegara o día para poder ir a Lugo.

Ás seis en punto da mañá mamá petou na porta para que me erguera e non fixo falta que o fixera dúas veces. Erguinme, aseime un pouco na almofia que me trouxera mamá con auga quente, quitei as lagañas, e ó pouco xa estaba diante da porta. Collín os paquetes e as dúas botámonos a andar. Estaba unha mañá fría e húmida, o ávrego que se colaba entre as xestas facíanos aterexar co frío. O ceo estaba moi atoldado, quizais non íamos ver o sol en todo o día.

Ó chegar a Lugo fomos sen rodeos ó campo da feira mais pareime nun tenderete no que había unhas zocas que facían a ledicia de todo aquel que pasaba e as vía. Miña nai díxome que se o día era bo, o mellor, á volta parábamos a compralas, pero só se o día era bo, repetiu.

Como supoñía, o chegar a Lugo, non deixei de fitar para as rapazas da miña idade e as suas roupas. No pobo levabamos unhas medias gordas de lá e unhas camisas longas, por debaixo dos xeonllos. Tamén levabamos unhas saias polos nocellos que despois eran cubertas por unha lensa ou mantela. Por riba da camisa levábase un corpiño ou dengue que atabamos cuns mallós. O domingo quitábase a nosa mellor roupa para ir á misa, non era distinta a da semana de traballo pero era máis nova, sempre acompañada dun pano na cabeza; todo feito de liño e estopa. No pobo había un tear o que íamos todos os vecinos a tecer. En Lugo era distinto, as nenas ían sempre de domingo, levaban calcetíns brancos, e as suas roupas estaban feitas de pano de distintos cores e ornados con fermosos avalorios. Os cestos que levaban para transportar a compra estaban cubertos por un pano branco cuns encaixes que debían ser de Camariñas e que indicaban o seu prezo.

Despois da longa mañá de traballo, sendo os proveitos máis ben escasos, fomos comer o polbo ós tenderetes. Podo lembrar o cheiro que había no aire, un aire quente que proviña dos caldeiros fervendo; unhas mulleres fortes con panos na cabeza, delantal e pouco máis, que traballaban a reo carretando a comida para todos os comensais que alí estaban. Non nos levou moito tempo comer, ben se sabe que antes non se comía moito, e non por non engordar, senón porque os cartos e a comida chegaban a pouco.

Aínda era cedo, non pasaban das tres da tarde e ata as cinco máis ou menos non nos saía o autobús. Miña nai decidiu dar unha volta por Lugo.

Achegámonos a estación do tren; segundo chegamos, agarreime ó brazo da miña mamaíña con tanta forza que ata me pegou un berro porque lle facía dano. Miroume e sorriu, deuse conta de que estaba asustada, e non era moi difícil de notar pois a miña faciana estaba esbrancuxada co medo. ¡Nunca tal cousa vira! Estabamos sentadas nun banco vendo pasar a xente, toda esa xente que ía e viña a correr dun lado a outro, un ir e vir de persoas descoñecidas apuradas para colle-lo tren que estaba a piques de sair, os nenos xogando a montacachurra, un ola e un adeus para eses individuos que marchaban lonxe e ían tardar en volver, un sorriso, unha bágoa... un mundo de sensacións increíbles e novas. A máquina do tren, unha cabeza de ferro que tira por unha serie de vagóns cheos de xente; a xefa, a que leva o control de todo ese montón de vida; a terrible por todo aquel que se lle cruce no camiño; a cabeza de ferro...

Sigo pensando nese día e ó mesmo tempo fitando para Antón que segue a xogar. Gustaríame contarlle algún día o que pasaba cando eu era nova, pero non o entendería, o único que pode ver é como a súa avoa, miña nai, ten moito tino e non lle gusta desaproveitar nada, pois ten medo de caer de novo nesa pobreza e non ter que dar de comer os seus nenos, por que para ela seguimos sendo, os seus nenos.